

# EUTOPIÁS: A PROCURA DO BO LUGAR NO CINE

## CURSO DE CINEMA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 29 de setembro ao 15 de decembro de 2021

HORARIO: mércores de 19:00 a 20:30 h

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Adoita pensarse a utopía como unha quimera, como unha proxección irrealizable desde un presente escuro cara a algún futuro, mellor pero tamén inalcanzable. O termo foi acuñado por Tomás Moro en 1516 na súa obra homónima a partir —nunha das interpretacións posibles— dos termos gregos *ou* (que expresa negación) e *tópos* (lugar): é dicir, *nowhere*, na súa primeira tradución inglesa, ou *non hai tal lugar*, como o trasladou ao castelán un século máis tarde Francisco de Quevedo.

Pero outras interpretacións consideran que Moro fixo partir o seu neoloxismo de *eû* (que expresa bondade) e *tópos*: ou o que é o mesmo, un lugar bo ou feliz. E así llo fai expresar á propia illa de Utopía: “Non Utopía, senón mellor é o meu nome Eutopía, o País da Felicidade”.

Moro constrúe a súa utopía, por tanto, desde unha intencionada ambivalencia entre a necesidade do seu desexo e a imposibilidade da súa realización. Utopía é unha promesa, un *bo lugar* que non existe... aínda. Porque o desexo utópico, como toda imaxinación prospectiva, proxéctase cara á realización eutópica dese desexo: alguén que non está conforme coa súa realidade soña cun mundo mellor; mais sempre, como defendía Herbert Marcuse, coa intención de que a utopía se converta en *topía*, nunha realidade que, finalmente, teña lugar.

A utopía deixa de ser así unha quimera ou conto fantástico sen relación coa historia: o seu desexo de facerse realidade convértea nun relato ancorado no seu tempo que, ademais, prolifera nos períodos de crise. E por iso, a utopía é hoxe tan necesaria coma sempre. Pero as utopías sociais que tratan de construír o *mellor dos mundos* desembocan moitas veces no seu reverso: no discurso negro da *antiutopía* ou distopía. Por iso neste curso tomaremos a tanxente íntima que nos afastará da *utopía social* e achegaranos á *utopía individual* (persoal, pero transferible). Porque quizá a única utopía posible, como defende Lewis Mumford, sexa a nosa propia vida —aquí e agora— levada ata os límites das súas posibilidades ideais.

### PROGRAMA

- 29 setembro O HORIZONTE: *Tempos modernos* (Charles Chaplin, 1936)
- 6 outubro O RECORDO (E A ANTICIPACIÓN) DO SUR: *O sur* (Víctor Erice, 1983)
- 13 outubro A MEMORIA IMPOSIBLE: *Que verde era o meu val* (John Ford, 1941)
- 20 outubro O PASADO RECUPERADO: *As praias de Agnès* (Agnès Varda, 2008)



Carla Simón: *Verán* 1993, 2017

Suele pensarse la utopía como una quimera, como una proyección irrealizable desde un presente oscuro hacia algún futuro, mejor pero también inalcanzable. El término fue acuñado por Tomás Moro en 1516 en su obra homónima a partir —en una de las interpretaciones posibles— de los vocablos griegos *ou* (que expresa negación) y *tópos* (lugar): es decir, *nowhere*, en su primera traducción inglesa, o *no hay tal lugar*, como un siglo más tarde Francisco de Quevedo lo trasladó al castellano.

Pero otras interpretaciones consideran que Moro hizo partir su neologismo de *eû* (que expresa bondad) y *tópos*: o lo que es lo mismo, un lugar bueno o feliz. Y así se lo hace expresar a la propia isla de Utopía: “No Utopía, sino mejor es mi nombre Eutopía, el País de la Felicidad”.

Moro construye su utopía, por lo tanto, desde una intencionada ambivalencia entre la necesidad de su deseo y la imposibilidad de su realización. Utopía es una promesa, un *buen lugar* que no existe... todavía. Porque el deseo utópico, como toda imaginación prospectiva, se proyecta hacia la realización eutópica de ese deseo: alguien que no está conforme con su realidad sueña con un mundo mejor; pero siempre, como defendía Herbert Marcuse, con la intención de que la utopía se convierta en *topía*, en una realidad que, finalmente, tenga lugar.

La utopía deja de ser así una quimera o cuento fantástico sin relación con la historia: su deseo de hacerse realidad la convierte en un relato anclado en su tiempo que, además, prolifera en los períodos de crisis. Y por ello, la utopía es hoy tan necesaria como siempre. Pero las utopías sociales que tratan de construir el *mellor dos mundos* desembocan muchas veces en su reverso: en el discurso negro de la *antiutopía* o distopía. Por eso en este curso tomaremos la tangente íntima que nos alejará de la *utopía social* y nos acercará a la *utopía individual* (personal, pero transferible). Porque quizá la única utopía posible, como defiende Lewis Mumford, sea nuestra propia vida —aquí y ahora— llevada hasta los límites de sus posibilidades ideais.

### PROGRAMA

- 29 septiembre EL HORIZONTE: *Tiempos modernos* (Charles Chaplin, 1936)
- 6 octubre EL RECUERDO (Y LA ANTICIPACIÓN) DEL SUR: *El sur* (Víctor Erice, 1983)
- 13 octubre LA MEMORIA IMPOSIBLE: *Qué verde era mi valle* (John Ford, 1941)
- 20 octubre EL PASADO RECUPERADO: *Las playas de Agnès* (Agnès Varda, 2008)

27 outubro O VELLO "NOVO MUNDO": *O novo mundo* (Terrence Malick, 2005)  
10 novembro O SOÑO DO OESTE: *First Cow* (Kelly Reichardt, 2019)  
17 novembro A CASA FAMILIAR: *Verán 1993* (Carla Simón, 2017)  
24 novembro A INFANCIA: *O verán de Kikujiro* (Takeshi Kitano, 1999)  
1 decembro O VERÁN: *Aquel querido mes de agosto* (Miguel Gomes, 2008)  
15 decembro A NATUREZA: *Cara a rutas salvaxes* (Sean Penn, 2007)

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) é doutor en Comunicación e profesor asociado na Universidade de Vigo. En 2004 fundou a revista de cinema *Tren de sombras* (2004-2008) e desde 2007 ata 2017 formou parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente coñecida como *Cahiers du Cinéma. España*).

En 2008 coordinou o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival de Cine de Las Palmas e é autor de numerosos artigos, relatorios en congresos e capítulos de libros. Desde 2012 imparte cursos de cine no Museo de Arte Contemporánea de Vigo e no Centro Galego de Arte Contemporánea. Impartiu, ademais, conferencias en espazos como Master LAV, a ESCAC, o CGAI, a Seminci, o Festival de Málaga ou o Centro de las Artes de Sevilla. Foi o comisario de exposicións e ciclos de proxeccións para a Fundación Luís Seoane, Curtocircuíto: Festival Internacional de Cine de Santiago de Compostela, Solar · Galería de Arte Cinemática ou o festival de cinema Curtas de Vila do Conde (Portugal). En 2020 recibiu o premio ao mellor ensaio escrito sobre audiovisual internacional na IV edición dos Premios María Luz Morales, outorgados pola Academia Galega do Audiovisual.

27 octubre EL VIEJO "NUEVO MUNDO": *El nuevo mundo* (Terrence Malick, 2005)  
10 noviembre EL SUEÑO DEL OESTE: *First Cow* (Kelly Reichardt, 2019)  
17 noviembre LA CASA FAMILIAR: *Verano 1993* (Carla Simón, 2017)  
24 noviembre LA INFANCIA: *El verano de Kikujiro* (Takeshi Kitano, 1999)  
1 diciembre EL VERANO: *Aquel querido mes de agosto* (Miguel Gomes, 2008)  
15 diciembre LA NATURALEZA: *Hacia rutas salvajes* (Sean Penn, 2007)

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974) es doctor en Comunicación y profesor asociado en la Universidad de Vigo. En 2004 fundó la revista de cine *Tren de sombras* (2004-2008) y desde 2007 hasta 2017 formó parte del consejo de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du Cinéma. España*).

En 2008 coordinó el libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para el Festival de Cine de Las Palmas y es autor de numerosos artículos, ponencias en congresos y capítulos de libros. Desde 2012 imparte cursos de cine en el Museo de Arte Contemporáneo de Vigo y en el Centro Galego de Arte Contemporánea. Ha impartido, además, conferencias en espacios como Master LAV, la ESCAC, el CGAI, la Seminci, el Festival de Málaga o el Centro de las Artes de Sevilla. Ha comisariado exposiciones y ciclos de proyecciones para la Fundación Luís Seoane, Curtocircuíto: Festival Internacional de Cine de Santiago de Compostela, Solar · Galería de Arte Cinemática o el festival de cine Curtas de Vila do Conde (Portugal). En 2020 recibió el premio al mejor ensayo escrito sobre audiovisual internacional en la IV Edición de los Premios María Luz Morales, otorgados por la Academia Galega do Audiovisual.

DESTINATARIOS: docentes, estudantes e persoas interesadas no cine  
PRAZAS: 60

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto desde o 20 de xullo ata o 27 de setembro de 2021. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal). Nela deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez aceptada a solicitude, informárase as persoas rexistradas sobre como realizar o pago.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: o CGAC expedirá un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 70 % das sesións.

DESTINATARIOS: docentes, estudantes y personas interesadas en el cine  
PLAZAS: 60

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 20 de julio hasta el 27 de septiembre de 2021. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a [cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal). En él deberán indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC expedirá un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 70 % de las sesiones.


**O curso será presencial. No caso de que a capacidade do auditorio se vexa reducido pola situación sanitaria o curso pasará á modalidade en liña.**

El curso será presencial. En el caso de que el aforo del auditorio se vea reducido por la situación sanitaria el curso pasará a la modalidad en línea.

**CGAC**

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2  
15703, Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 602/31  
[cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) / [www.cgac.xunta.gal](http://www.cgac.xunta.gal)

 Xacobeo  
21-22

 XUNTA  
DE GALICIA